

19 Octubre de 2015 - Revista 1043

# *Revista Semanal*

da Rede Galega de Información Xuvenil



**xuventude.net**

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 6

BOLSAS E AXUDAS / 9

NOVAS DE EMPREGO / 10

NOVAS DAS CASAS DA XUVENTUDE E OMIX / 18

EN PORTADA

## Un total de 20 mozos e mozas do IES de Curtis participan no programa de coñecemento do medio profesional "Deseñando o teu futuro"

Xoves, 15 Outubro 2015 16:57

- Esta experiencia serve para que os mozos e mozas poidan decidir a súa traxectoria formativa a través dun achegamento ás empresas
- As estadias-visitas titorizadas en empresas teñen unha duración mínima de cinco días e máxima de quince días hábiles



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, acompañou hoxe aos participantes do programa "Deseñando o teu futuro" que puxo en marcha a **Asociación Galicia Inxenía**. Nesta iniciativa participan un total de 20 mozos e mozas do IES de Curtis que están a cursar Formación Profesional básica nas ramas de automoción e administrativo.

O programa "Deseñando o teu futuro" é unha iniciativa piloto de educación non formal a través da cal mozos e mozas de entre 14 e 18 anos poden realizar pequenas estadias titorizadas en centros de traballo coa finalidade de que se acheguen á realidade das empresas e das diferentes profesións.

Cecilia Vázquez sinalou que "esta experiencia serve para que os mozos e mozas adquiran coñecementos e habilidades que axudan a completar o seu desenvolvemento persoal e coñezan a realidade da empresa previamente a decidir a súa traxectoria formativa". Este ano "Deseñando o teu futuro" financia 17 proxectos presentados por concellos e entidades sen ánimo de lucro nos que participan un total de 403 mozos e mozas.

Xornada mínima diaria de catro horas.

As estadias-visitas en empresas teñen unha duración mínima de cinco días e máxima de quince días hábiles, e se establece unha xornada mínima diaria de catro horas. O número máximo de mozos e mozas participantes non pode exceder de 30.

A cantidade da axuda calcúlase en 6 euros por participante ao día, para cubrir os gastos de manutención e desprazamento do mozo ou moza e 100 euros por participante para cubrir os custos derivados da organización das estadias-visitas.

## Iniciativa Xove financiou este ano 150 proxectos de participación xuvenil nos que se investiron 500.000 euros

Xoves, 15 Outubro 2015 17:25

- Hoxe finalizou o prazo para executar estes procesos, nos que participaron directamente máis de 750 mozos e mozas
- Iniciativa Xove forma parte dos programas renovados da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
- A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado organizou en Curtis o primeiro dos sete Encontros territoriais de xuventude



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou esta mañá o **Espazo Xove de Curtis**, que acolleu o primeiro dos sete **Encontros territoriais de xuventude**, e onde sinalou que hoxe finalizou o prazo para a realización de actividades amparadas polo programa de participación xuvenil **Iniciativa Xove**. Vázquez destacou que este ano a *Consellería de Política Social* destinou a este programa de educación non formal un total de 500.000 euros, para financiar 150 proxectos nos que participan directamente máis de 750 mozos e mozas.

**Iniciativa Xove** forma parte das accións para renovar as políticas da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*, que de accións baseadas no ocio e o tempo libre pasou a desenvolver programas pioneiros en todo o estado que se sustentan na utilización da educación non formal como método de adquisición de novas habilidades e competencias. Ao respecto deste programa, Vázquez explicou que dende a administración non se lle indica ao mozo e moza o que teñen que facer, senón que lles piden propostas para despois apoialas co propósito de incentivar o liderado, a creatividade e o talento xuvenil. Poden participar tanto asociacións formalmente constituídas como grupos informais de mozos e mozas. A Xunta de Galicia financia o cen por cento dos proxectos presentados cun orzamento máximo por iniciativa de 4.000 euros, e todas as entidades e grupos os que se lles concede a axuda e o solicitan reciben un adianto do 80% sobre o total da cantidade outorgada.

O obxectivo dos **Encontros territoriais de xuventude** é facilitar a participación activa e o intercambio de experiencias e ideas dos profesionais da Rede galega de información xuvenil. Este ano vanse celebrar sete encontros, que terán lugar nos *Espazos Xoves de Curtis, Noia, Carballo, Pontevedra e Ourense*, e nas delegacións territoriais de Lugo e Vigo. Ademais, as temáticas sobre as que xiran este encontros son cinco: o **programa de Garantía xuvenil**, **Correspondentes xuvenís**, **Educación non formal**, **Galeuropa** e **Iniciativa Xove**.

### Rede galega de información xuvenil

A **Rede Galega de información xuvenil** está composta por 248 Oficinas Municipais de Información Xuvenil, 69 Puntos de Información Xuvenil e 12 Espazos Xoves dependentes da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*, emprazadas en *Betanzos, Carballo, Curtis, Noia, Pontedeume, Chantada, Vilalba, Viveiro, Lalín, Tui, Vilagarcía e Ourense*.



Por outra banda, hai que sinalar que os profesionais da Rede Galega de Información Xuvenil contan co certificado profesional de Informador Xuvenil. Neste sentido, Galicia foi pioneira en por en marcha tres procedementos de recoñecemento de competencias profesionais en información xuvenil a través da acreditación das súas competencias, adquiridas pola súa experiencia laboral e/ou pola formación obtida a través da educación non formal.

## Un total de 4.000 mozos e mozas de Galicia e norte de Portugal participaron no proxecto europeo "Emprende"

Venres, 16 Outubro 2015 15:48

- A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou nas III Xornadas da Xuventude Transfronteiriças en Valença do Minho
- "Emprende" permitiu desenvolver máis de 25 accións de promoción empresarial, que crearon ou apoiaron a máis de 35 pequenas e medianas empresas (PEMES) da Eurorrexión



A localidade lusa de Valença do Minho acolleu hoxe as **III Xornadas da Xuventude Transfronteiriças**, enmarcadas no proxecto europeo "**Emprende (Mozos Emprendedores da Eurorrexión)**", que ten como obxectivo converter o **Espazo de Cooperación Galicia - Norte de Portugal** nun lugar atractivo para o asentamento e desenvolvemento de novas actividades económicas e empresariais por parte da mocidade, así como a creación de empresas e de emprego para os mozos e mozas de ambos lados da raia.

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, destacou na súa intervención neste foro que dende o ano 2011, data de comezo de "**Emprende**", "*desenvolvéronse máis de 25 accións de promoción empresarial, participaron uns 4.000 mozos e mozas, creáronse ou apoiáronse máis de 35 pequenas e medianas empresas (PEMES) e xeráronse ou apoiáronse máis de 40 novos postos de traballo na nosa Eurorrexión*".

"**Emprende**" permitiu a captación de investimento, a xeración e maduración de ideas, elaboración de plans empresariais, colaborar na creación de empresas e achegar as ideas que xorden entre o mundo empresarial e o asociacionismo xuvenil.

### Colaboración entre as dúas rexións

A directora xeral tamén quixo salientar a fluída colaboración entre os departamentos de xuventude das dúas rexións, que permitiu poñer en marcha proxectos conxuntos como **Activa, Colabora, Mobiliza, Espazo Xuvenil ou Emprende**, "*que son sinónimos de traballo de cooperación entre Galicia e o Norte de Portugal desde o ano 2000, promovendo sinerxías, vías e saídas que propicien unha maior estabilidade económica para a mocidade, nunha aposta seria e formal a prol da xuventude de ambas beiras*".

EN PORTADA

## Certificación galega de competencias dixitais en ofimática

artes, 13 Outubro 2015 06:27



A **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, AMTEGA**, convoca probas de avaliación de carácter libre para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática.

A **rede CeMIT** publicou na súa plataforma de teleformación (<http://cemit.xunta.es/ema>) os materiais formativos que forman parte do **curso Codix** baixo a modalidade de «**Autoformación**» como material de apoio para a preparación destas probas:

- Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico.
- Aplicacións informáticas de tratamento de textos. LibreOffice Writer.
- Aplicacións informáticas de follas de cálculo. LibreOffice Calc.
- Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais. LibreOffice Base.
- Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información. LibreOffice Impress.

### Datas e horarios:

Localidade	Día	Hora	Nº prazas
Coruña, A –Eirís	25 de novembro	10.00	16
Narón	25 de novembro	10.00	15
Santiago de C.	25 de novembro	10.00	15
Carballedo	25 de novembro	10.00	7
Fonsagrada, A	25 de novembro	10.00	10
Ourense	25 de novembro	10.00	18

Cañiza, A	25 de novembro	10.00	18	Castrelo de Miño	26 de novembro	16.00	9
Moaña	25 de novembro	10.00	9	Manzaneda	26 de novembro	16.00	6
Pontevedra	25 de novembro	10.00	25	Verín	26 de novembro	16.00	10
Vigo	25 de novembro	10.00	13	Xunqueira de Ambía	26 de novembro	16.00	9
Ames	26 de novembro	10.00	12	Estrada, A	26 de novembro	16.00	12
Ortigueira	26 de novembro	10.00	10	Brión	27 de novembro	10.00	10
Ribadeo	26 de novembro	10.00	8	Fisterra	27 de novembro	10.00	10
Sarria	26 de novembro	10.00	17	Oroso	27 de novembro	10.00	12
Carballiño, O	26 de novembro	10.00	13	Pontedeume	27 de novembro	10.00	10
Cuntis	26 de novembro	10.00	8	Pontes, As	27 de novembro	10.00	17
Lalín	26 de novembro	10.00	18	Porto do Son	27 de novembro	10.00	9
Pontevedra	26 de novembro	10.00	25	Barreiros	27 de novembro	10.00	11
Tomiño	26 de novembro	10.00	8	Barco, O	27 de novembro	10.00	15
Valga	26 de novembro	10.00	10	Celanova	27 de novembro	10.00	11
Vigo	26 de novembro	10.00	13	Ourense	27 de novembro	10.00	18
Betanzos	26 de novembro	16.00	18	Guarda, A	27 de novembro	10.00	11
Boiro	26 de novembro	16.00	10	Marín	27 de novembro	10.00	17
Coruña, A –Eirís	26 de novembro	16.00	16				
Padrón	26 de novembro	16.00	10				
Santa Comba	26 de novembro	16.00	18				
Santiago de C.	26 de novembro	16.00	15				

O prazo para a inscrición estará aberto ata o **20 de outubro de 2015**

Máis información no DOG do 13 de outubro de 2015 e en <https://cemit.xunta.es/>

## Final de graffiti Xuventude Crea 2015

Venres, 16 Outubro 2015 06:14



O **31 de outubro de 2015** descorrerá a fase final da especialidade de graffiti do certame **Xuventude Crea 2015**, coincidindo co campionato de breakdance.

**Lugar:** Area Central de Santiago de Compostela.

Realizarán o seu proxecto en directo:

PSEUDÓNIMO	NOME DA OBRA
Silcoe	<i>O rostro do querer</i>
Honey	<i>Vacaloura máxica</i>
Rock 981	<i>Rock na cidade</i>
Maz	<i>Xeometrías tropicais</i>
Mon Devane	<i>Festa neón</i>
O neto do Santos	<i>Enxebre</i>
Buble gum	<i>Mirada melosa</i>
D. Mayo	<i>Sen presa, sen pausa</i>
Daniel	<i>Odisea en la playa/Odisea na praia</i>

## Gañador do sorteo de un teléfono móbil co Carné Xove

Venres, 16 Outubro 2015 11:09



O/A gañador/a no sorteo do carné xove deste venres **16 de outubro**, realizado en colaboración con ABANCA, dun teléfono *Primux Omega 5*, foi:

**Diego Fernández Bernárdez**

Parabéns!!!

Máis información: <http://xuventude.xunta.es/carne-xove.html>

**ABANCA**

## Ensinanzas deportivas en Galicia

Luns, 19 Outubro 2015 07:05



No **DOG do 19 de outubro de 2015** publícase a oferta educativa de ensinanzas deportivas en centros públicos de Galicia.

A posta en funcionamento destes estudos estará condicionada á existencia dun mínimo de dez alumnos matriculados na correspondente modalidade deportiva.

**A Coruña**

*IES Universidade Laboral, Culleredo:*

Ensinanzas técnico deportivas de grao medio e superior en fútbol

**Lugo**

*IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes, Lugo:*

Ensinanzas técnico deportivas de grao medio e superior en atletismo.

*IES Río Cabe, Monforte de Lemos:*

Ensinanzas técnico deportivas de grao medio e superior en fútbol.

**Ourense**

*CIFP A Farixa, Ourense:*

Ensinanzas técnico deportivas de grao medio e superior en fútbol sala.

**Pontevedra:**

*IES Sánchez Cantón, Pontevedra:*

Ensinanzas técnico deportivas de grao medio e superior en fútbol.

*IES Sánchez Cantón, Pontevedra:*

Ensinanzas técnico deportivas de grao medio e superior en balonmán.



IES Fermín Bouza Brey, Vilagarcía de Arousa:

Ensinanzas técnico deportivas de grao medio e superior en baloncesto.

IES As Barxas, Moaña:

Ensinanzas técnico-deportivas de grao medio e superior en atletismo.

IES Antón Losada Diéguez, A Estrada:

Ensinanzas técnico-deportivas de grao medio e superior en salvamento e socorrismo

Máis información no DOG do 19 de outubro de 2015 e en [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp)

NOVAS FORMACION

CURSOS DA DXXV

## Coaching. Que é? En que consiste? Para que serve?

Mercres, 14 Outubro 2015 05:45



**DIREXIDO:** a mozos/as de 16 a 30 anos. Terá preferencia a xuventude do Concello de Dodro  
**DATAS E HORARIOS:**  
 6 e 13 de novembro (venres) de 16:30 a 20:30 horas  
 7 e 14 de novembro (sábado) de 09:30 a 13:30 horas  
**LUGAR:** Local Social de Imo  
**INSCRICIÓN:**  
 do 19 ao 30 de outubro en persoa no Dto. de Servizos Sociais

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e o Concello de Dodro organiza un curso gratuíto: **Coaching. Que é? En que consiste? Para que serve?**

**Datas:**

6 e 13 de novembro de 2015 de 16:30 a 20:30 horas

7 e 14 de novembro de 2015 de 09:30 a 13:30 horas

**Lugar:** Local Social de Imo (Concello de Dodro)

**Inscripción:** do 19 ao 30 de outubro de 2015 no Concello de Dodro.

**Máis información na OMIX de Dodro,** teléfono 981 802 472.



NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

## Sexualidade nas persoas con discapacidade intelectual

Martes, 13 Outubro 2015 10:09



Amaturi, gabinete de formación e asesoramento sexual organiza a acción formativa **Sexualidade nas persoas con discapacidade intelectual**, dirixida a profesionais, estudantes, familiares e sensibles afíns.

**Datas:**

**Pontevedra:** 16, 17, 30 e 31 de outubro. Os venres de 16:00 a 21:00 e os sábados de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 na Pazo da Cultura.

**Ourense:** 22, 23 de outubro e 5, 6 de novembro. Os xoves de 17:00 a 21:00 e os venres de 9:30 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 na Facultade de CC da Educación.

**A Coruña:** 20, 21, 27 e 28 de novembro. Os venres de 16:00 a 21:00 e os sábados de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 na fundación ADCOR Servizo residencial.

**Imparte:** Débora Baz Rodríguez. Educadora Sexual especializada no traballo con persoas con discapacidade intelectual.

**Inscripción:** [amaturi.gabinete@gmail.com](mailto:amaturi.gabinete@gmail.com)

**Prezo:** 50 €

**Máis información en Amaturi,** teléfono: 699 732 986. <https://www.facebook.com/amaturi.gabinete>

## Curso de marketing dixital, con garantía xuvenil

Mercres, 14 Outubro 2015 08:09

Dentro do **Programa de Marketing dixital da Escola de Organización Industrial (EOI) e Generación Spain** ofrece 100 prazas para xóvenes desempregados, 50 en Madrid e 50 en Barcelona.

Curso enfocado a integración laboral e deseñado coa colaboración de máis de cen empresas.

**Requisitos:**

Ter entre 18 e 29 anos.

Inscrito no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Nivel básico de inglés.

Inicio do programa 19 de outubro de 2015.

Duración 14 semanas, aprox. 450 hrs.

[seleccion@mckinseysocialinitiative.org](mailto:seleccion@mckinseysocialinitiative.org)

Programa Marketing Digital - Generation Spain

## Programa Talentum Empleo de Telefónica Educación Dixital

**Mercores, 14 Outubro 2015 08:22**

**Talentum Empleo** é un programa desenvolvido por *Telefónica Educación Dixital* empresa do grupo especializada en solucións innovadoras de formación.

Preparan os mozos para orientar a súa carreira profesional e conseguir un emprego.

Non necesitas formación previa específica.

Se cumples cos requisitos e superas o proceso de selección, estarás nun programa de formación presencial e gratuito. Acceso a un entorno de aprendizaxe on line. Ao finalizar o curso te incorporarás a unha empresa como profesional dixital.

Xóvenes desempregado entre 18 e 35 anos.

**Más información:** [www.fundaciontelefonica.com](http://www.fundaciontelefonica.com)

## Curso Iniciativa Emprendedora. Proceso de Creación de Empresas

**Mercores, 14 Outubro 2015 09:31**



A Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura da Universidade da Coruña organiza a terceira edición do **Curso Iniciativa Emprendedora. Proceso de Creación de Empresas**. Esta iniciativa ten por obxecto ofrecer alternativas de emprego e desenvolver potencial creador do alumnado.

O curso está promovido polo *Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo* e polo *Ministerio de Educación, Cultura e Deporte* e será impartido pola *Escola de Organización Industrial*.

**Destinatarios:** alumnado de Grao, Mestrado, Doutoramento e titulados da UDC.

**Lugar de impartición:** A Coruña - Centro Universitario de Riazor (CUR).

**Duración do curso:** 10 de novembro ao 2 decembro 2015.

**Presentación de solicitude:** aberta.

**Inscrición:** sen cuota de inscrición.

<http://www.eoi.es/es/cursos/18430/iniciativa-emprendedora-la-coruna-universidade-da-coruna-2a-edicion>

## Escola de Sustentabilidade, formación para a acción

**Venres, 16 Outubro 2015 12:05**



**Amigos da Terra** en colaboración ca Universidade de Vigo propón dúas sesións formativas no marco do cumio mundial do cambio climático (COP 21) que se celebrará en decembro en París. Co proxecto europeo **Escola de Sustentabilidade** queremos ir máis aló, e xerar espazos de formación, participación, debate e definición de accións sobre diferentes temáticas ambientais, como nos afectan aquí e aos países do sur. E ademais, entre a xente que participe nestas formacións financiaranse prazas para acompañar á organización a París á COP 21, como máximo expoñente do activismo comprometido e reivindicativo.

Buscando o cambio en París. Activismo no cumio mundial do cambio climático (COP 21)

**Data:** 20 de outubro



**Hora:** 18:30

**Lugar:** Aula B2. Facultade de Ciencias (Ourense)

**ReparAcción.** Activándonos contra a obsolescencia programada.

**Data:** 27 de outubro

**Hora:** 18:30

**Lugar:** Aula B2. Facultade de Ciencias (Ourense)

**As actividades son de balde pero é necesario inscribirse para poder participar no correo electrónico:** [voluntariado.galicia@amigos-daterra.net](mailto:voluntariado.galicia@amigos-daterra.net)

[http://www.amigosdaterra.net/info/080513\\_adt/novas-asociacion/1514-escola-de-sustentabilidade-formacion-para-a-accion](http://www.amigosdaterra.net/info/080513_adt/novas-asociacion/1514-escola-de-sustentabilidade-formacion-para-a-accion)

## Dereito ambiental para unha economía verde

**Luns, 19 Outubro 2015 09:50**



Os próximos **19 e 20 de novembro**, en horario de mañá e tarde, a *Red ECOVER* e a *Universidade da Coruña* organizan o **Congreso Dereito ambiental** para unha economía verde que terá lugar no paran info da *Universidade da Coruña*.

Este *Congreso* ten como finalidade presentar os estudos realizados pola Red durante o ano 2015 e contrastar e discutir as súas conclusións e propostas cos asistentes e relatores participantes.

[www.congresoecover.es](http://www.congresoecover.es)

## Marcha fotográfica na Ruta dos Tres Ríos (Touro)

**Luns, 19 Outubro 2015 10:06**



A **Fundación USC Deportiva** organizará o vindeiro **15 de novembro** unha marcha fotográfica na **Ruta dos Tres Ríos (Touro)** co fin de gozar do outono en todo o seu esplendor. Esta actividade mestura sendeirismo e fotografía e a través dela as persoas participantes poderán compartir e probar os seus coñecementos, ademais de poder consultarlle todas as dúbidas que lles xurdan ao fotógrafo profesional que os acompañará na ruta.

A actividade estará dirixida polo fotógrafo *Andrés Fraga*, profesor de *Fotografía Contemporánea* na *Facultade de Xornalismo da USC*.

Ademais do día da marcha, que terá lugar o **15 de novembro**, o día 20 terá lugar unha xornada de visualización das fotografías feitas durante ese día para que entre todos e xunto co profesor, valoren os aspectos positivos de cada fotografía e fagan suxestións de como se podería ter mellorado, co fin de que nas próximas saídas os participantes sexan quen de obter mellores fotografías grazas ao practicado e aprendido.

O custo da actividade é de 42 € e as prazas son limitadas (máximo 25 participantes).

**Máis información:**

[http://fundacionuscdeportiva.org/index.php?id=69&tx\\_ttnews\[tt\\_news\]=1143&cHash=30a73e000612dfe74a70f4d276782667](http://fundacionuscdeportiva.org/index.php?id=69&tx_ttnews[tt_news]=1143&cHash=30a73e000612dfe74a70f4d276782667)

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

## Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Vilasantar

**Mercres, 14 Outubro 2015 07:05**



A **Escola Scout Insignia de Madeira ASDE-Scouts de Galicia** organiza un **Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Vilasantar**.

**Lugar de realización:** CEIP de PRÉSARAS. R/Chope s/n. Présaras. Vilasantar. A Coruña.



**Módulos de Campismo:** Vilariño de Busto (Santiago de Compostela).

**Datas:** do 7 de novembro de 2015 ao 29 de maio de 2016.

**Correo de contacto:** [esim@scoutsdegalicia.org](mailto:esim@scoutsdegalicia.org)

**Máis información** en <http://scoutsdegalicia.org/>

## Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Santiago de Compostela

**Xoves, 15 Outubro 2015 07:20**



A **Escola de tempo libre Fesán** organiza un curso de **Monitor/a de actividades de tempo libre en Santiago de Compostela**.

**Datas:** do 19 de outubro ao 17 de decembro de 2015.

**outubro:** 19, 20, 21, 22, 23, 26, 27, 28, 29, 30.

**novembro:** 3, 4, 5, 6, 9, 11, 12, 13, 16, 17, 18, 19, 20, 23, 24, 25, 26, 27, 30. O día 2 e o 10 de novembro non haberá clases.

**Decembro:** 1, 2, 3, 4, 9, 10, 11, 14, 15, 16, 17. O día 7 e 8 de decembro non haberá clases.

**Horario:** de luns a venres de 09:00-14:00.

**Lugar:** Escola de tempo libre Fesán. Rúa de Amio 114. Polígono de Costa Vella. Santiago de Compostela.

Teléfono: 981 534 020.

[etlfesan@fesan.org](mailto:etlfesan@fesan.org)

<http://www.fesan.org/formacion/cursos/escola-de-tempo-libre/>

## Curso de Directores/as de actividades de tempo libre en Ourense

**Venres, 16 Outubro 2015 08:31**

A Concellaría de Mocidade de Ourense organiza un **Curso de Directores/as de actividades de tempo libre** que impartirá **A Escola de Tempo Libre Universitaria do Campus de Ourense**.



**Duración do curso:** 300 horas (150 delas prácticas en actividades externas)

**Datas:**

**Novembro:** 13, 14, 15, 20, 21, 22, 27, 28 e 29

**Decembro:** 4, 5, 6, 11, 12, 13, 18, 19 e 20

**Horarios:** Venres de 16 a 21 horas. Sábados e domingos de 09 a 14 horas, e de 16 a 21 horas.

**Máis información:**

Oficina da Concellaría Xuventude de Ourense,  
Pza. de San Martiño, Baixo.  
Teléfono: 988 388 154

<https://www.facebook.com/concellaria.deourense>

### BOLSAS E AXUDAS → FORMACION PRACTICA

## 10 bolsas de prácticas laborais de mestres composteros

**Mercores, 14 Outubro 2015 08:08**



A *Deputación de Pontevedra* convoca **10 bolsas de prácticas laborais** destinadas a persoas desempregadas coa finalidade de completar a súa formación na área da xestión dos residuos orgánicos de orixe doméstico cara á súa incorporación ao mercado laboral como mestres composteros.

**Requisitos:**

Estar en posesión como do título de bacharelato, ciclo superior de FP, enxeñeiro, licenciado, graduado, diplomado ou equivalente.

Ter finalizados os estudos presentados para esta bolsa con posterioridade ó ano 2002.

Estar inscrito no Servizo Público de emprego como demandante ou en mellora de emprego.

Acreditar o coñecemento da lingua galega, nivel Celga III.

**Dotación:**

A dotación económica de cada unha das bolsas ascenderá ós 1.400,00 €/mes, que inclúe todos os gastos en que incorra o bolseiro en concepto de dietas ou desprazamentos por razón da actividade a desenvolver.

A duración das bolsas será de 6 meses desde a incorporación dos beneficiados, prorrogables outros seis meses até un máximo total de 1 ano.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **26 de outubro de 2015**.

**Máis información no BOP de Pontevedra do 14 de outubro de 2015.**

<http://www.boppo.depo.es/web/boppo/detalle/-/boppo/2015/10/14/2015038071>

## Bolsas do Congreso de Deputados sobre comunicación institucional

**Xoves, 15 Outubro 2015 08:35**



O **Congreso dos Deputados** convoca **catro bolsas individuais** para realizar traballos ou estudos sobre comunicación institucional relacionados coa actividade parlamentaria.

Cada unha das catro bolsas terá unha duración de doce meses, e a súa contía total será de 12.900 €.

**Requisitos:**

Licenciados universitarios españois en Ciencias da Información que finalizasen os estudos con posterioridade a xaneiro de 2011.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **27 de outubro de 2015**.

**Máis información no BOE do 15 de outubro de 2015** e en [www.congreso.es](http://www.congreso.es)

**BOLSAS E AXUDAS** ▶ OUTRAS

## Axuda para obter o permiso de condución

**Martes, 13 Outubro 2015 08:31**



A **Fundación Mapfre** convoca 240 axudas de 500 € cada unha para mozas e mozos de entre 18 e 29 anos para a obtención do permiso de condución.

**Requisitos:**

Outorgaranse a mozos pertencentes a familias de escasos recursos, polo que os ingresos anuais da unidade familiar, calcularanse en base á seguinte fórmula:

dividirase o número total de ingresos anuais da unidade familiar entre o número de membros da mesma e o resultado debe ser menor a 14.826 € por persoa/ano. Para o cálculo da renda familiar para estas bolsas, son membros computables da familia o pai e a nai ou titor, no seu caso, o solicitante, os irmáns solteiros menores de 25 anos e que convivan no mesmo domicilio familiar ou os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade.

Estar en situación de desemprego, polo menos, desde o **1 de xaneiro de 2015** ata o momento da solicitude.

Vivir no domicilio familiar.

Para solicitar as axudas hai que superar un test de seguridade vial e encher un formulario na web [www.fundacionmapfre.org](http://www.fundacionmapfre.org)

**NOVAS DE EMPREGO** ▶ EMPREGO PUBLICO

## Prazas de Auxiliares de Arquivos, Bibliotecas e Museos

**Martes, 13 Outubro 2015 07:00**

O *Ministerio de Educación e Cultura* convoca **21 prazas da Escala de Auxiliares de Arquivos, Bibliotecas e Museos de Organismos Autónomos do Ministerio de Cultura**.



Os aspirantes deberán estar en posesión do título de Bacharelato ou Técnico.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **30 de outubro de 2015**.

**Máis información no BOE do 10 de outubro de 2015.**

## Profesor/a de piano e teoría da música e profesor/a e de música tradicional en Ribeira

**Martes, 13 Outubro 2015 07:13**

O **Concello de Ribeira** necesita contratar o seguinte profesorado:

*Profesor de música nas especialidades de piano e teoría da música.*

*Profesor/a de música na especialidade de música tradicional.*

Titulacións nas especialidades de **piano e teoría da música**:

- 1) Profesor de música na especialidade de Piano e titulación superior de Composición.
- 2) Profesor de música na especialidade de Piano e titulación Superior de Pedagogía.
- 3) Profesor de música na especialidade de Piano e titulación superior de Solfeo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento.

Titulacións nas especialidades de **música tradicional**:

- 1) Título Superior de Música establecido no artigo 54 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- 2) Título de Profesor de Música que regula o Decreto 2.618/1966, do 10 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral dos Conservatorios de Música.
- 3) Título de Profesor ou Título Profesional de Música do Plan de Estudos que regula o Decreto do 15 de xuño de 1942.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **24 de outubro de 2015**.

**Máis información no BOP da Coruña do 13 de outubro de 2015** e na **OMIX de Ribeira**, teléfono 981 835 650.

## Xuíz/a de paz do Concello de Quintela de Leirado

**Martes, 13 Outubro 2015 07:39**

O **Concello do Quintela de Leirado** fai unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuíz/a de paz titular**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **10 de novembro de 2015**.

**Máis información no BOP de Ourense do 10 de outubro de 2015** e no **OMIX de Quintela de Leirado** teléfono 988 493 500.

## Persoal para o Concello de Cangas

**Martes, 13 Outubro 2015 07:46**

O **Concello de Cangas** precisa contratar o seguinte persoal:

*Un/ha pedagogo/a ou psicopedagogo/a.*

*Un/ha fisioterapeuta.*

*Un/ha mestre/a especialista en audición e linguaxe, pedagogía terapéutica ou educación especial.*

